

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 13 DE ABRIL AO 17

Bos días a todos e todas!

Xa levamos case un mes de confinamento e seguramente se está facendo duro para moitos de vós. Pero nestes momentos non hai que baixar a garda, esperemos que este grande esforzo colectivo pronto dea resultados positivos. Moito ánimo e unha aperta!

Aproveitade estes días que tedes que estar na casa para traballar un pouco. Na sesión anterior mandeivos ler *Memorias dun neno labrego* e facer un resumo de cada capítulo. Podédesme mandar en foto o traballo que levades realizado ao meu enderezo electrónico: bertadivina@hotmail.com

Ao longo desta semana ides repasar os pronomes persoais (a teoría está no libro de texto). A continuación tendes que facer as tarefas que vos proponho. Non esquezades copialas no caderno de galego. Podedes mandar fotos.

A COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

Polo xeral, o pronome átono vai despois do verbo e unido a el:
Gustouche a nube de fume?

Vai antes do verbo:

1. Nas oracións negativas: Nunca o elixiron bruxo do ano.
2. Nas oracións introducidas por **que, quen, cando, canto, como, onde, porque**: Canto che debo?
3. Despois dalgúns adverbios: Ti tamén me viches na tele?

EXERCICIOS

•Substitúe o subliñado polo pronome persoal que corresponda. Indica o número e a persoa de cada pronome:

-A nai e a tía de Lorena estaban preocupadas pola nena.

.....

-O avó de David traballou moitos anos de noite.

.....

-Teño unha sorpresa para ti e os teus compañeiros.

.....

-As pantasma máis vellas son as máis sabias.

.....

-Os bortianos van botar de menos as pantasma.

.....

-Meus pais e mais eu fomos de viaxe a Londres.

.....

-Fátima, Martiño e David quedaron impresionados coa noticia.

.....

-Xurxo e ti andades un pouco medoñentos.

.....

•Cambia as seguintes oracións usando as formas de cortesía vostede ou vostedes.

Fíxate no exemplo: Escribiches ti esta nota?

→Escribiu vostede esta nota?

Ti non teñas medo, que son boas noticias.
.....

Non comezaremos a comer ata que chegedes vós.
.....

Es ti o que sae nesa foto?
.....

Se vós estades de acordo, quedamos mañá ás seis.
.....

•Enche os ocos co pronome persoal que cumpra en cada caso:

..... non creo que vaia á festa.

Lorena chamou polo cadelo e saíu con de paseo.

..... viches algunha vez cousa semellante?

Por favor, señor, sería tan amable de dicirme que hora é?

•Escribe as contraccións de preposición + pronome que faltan:

	EL	ELA	ELES	ELAS
EN				
DE				

O pronome persoal tónico tamén contrae coa preposición con: comigo, contigo, connosco, convosco.

•Completa coas contraccións:

Mañá volve María; lémbreste

Suso di que non te esquezas cando fagas a lista.

Xa pasaron os exames. Non penses máis

Eu vou ao cine. Queres vir

Se non entendedes os exercicios, podedes facelos

•**Substitúe o subliñado por un pronome persoal. Fai as contraccións necesarias:**

Todos queren montar na nave
espacial.

A pantasma máis nova sorrí
satisfeita.

Ten conta de Dodo un
anaco.

.....
Fátima chegou con David e
Martíño.
.....

•Subliña de verde os pronomes átonos que van unidos ao verbo e de azul os que van sós e antes do verbo nas seguintes oracións:

Vouche contar un segredo da miña profesión.

Quen vos levou ao obradoiro de apócemas?

A Ana vanlle traer un ordenador portátil.

Mefisto mostrounos a súa oficina.

Hadrián aprendeume un truco de maxia.

Non te vin na tele.

•Coloca no lugar que corresponda o pronome entre parénteses:

Quen mandaría meterme en asuntos de magos! (me)

Sabe o tempo que levaba a meu pai facer un esconxuro? (lle)

Non van levar de visita ao Museo da Maxia. (nos)

..... falarei aos lectores do meu lado máis íntimo. (lles)

Cando chamaron os bruxos do consello? (vos)

..... decide pronto! (o)

•Corrixe os pronomes átonos que estean mal colocados:

—Tedes que vir á nosa casa este verán —dixo Ron—, os dous... Mandareivos un moucho.

—Cho agradezo dixo Harry. Necesito ter algo así polo que esperar. A xente os empurraba mentres avanzaban cara á

porta, de volta ao mundo muggle. Algúns saudaban.

—Nos vemos, Potter! —Segues sendo famoso —dixo Ron, sorrindo.

—Non onde vou agora, cho aseguro —dixo Harry.

—Espero que teñas unhas boas vacacións —dixo Hermione.

J. K. Rowling: *Harry Potter e a pedra filosofal*, Ed. Galaxia (adaptación).

•Subliña e clasifica os pronomes átonos:

Dareiche a fórmula do esconxuro para que o fagas ti mesma.

Devólvelle a Ana o libro que nos deixou.

Queríache contar un soño que tiven pero xa o esquecín.

A Mefisto non lle fales de unguentos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Converte estas oracións en negativas.

Gústame o lavar da túa roupa, Maruxa.

Leváronme onte a un bar de tapeo.

Agasalláronme cunha minicadea musical polos Reis.

Déronlles as vacacións hai uns días.

Continúa completando os cambios das seguintes oracións segundo o modelo:

Non te quero diante. Quérote diante

Non llelo levei. _____

Ninguén o chamou. _____

Nada me importa. _____

Nunca me saúda. _____

Non che vai quedar así. _____

A partir dos enunciados, fai unha pregunta. Fíxate no exemplo

Neves chámache amigo. ¿Quen che chama amigo?

Saudoute. _____

Promeméteche un can. _____

Custouche 20€. _____

Leváronte a Ourense. _____

Enfadácheste. _____

Isto déixame fría. _____

Corrixe estas oracións recollidas na rede.

Aos políticos os critica todo o mundo.

A esta coma aos outros lle convén continuar.

Lle vou contar a verdade, señoría.

O fago así desde hai moito tempo.

Mo levo porque me gusta. (**Oillo, que ten dous erros**)